

UGT-GALICIA REIVINDICA O INSUBSTITUÍBLE PAPEL DA LINGUA GALEGA COMO VEHÍCULO DE COMUNICACIÓN, PARTE DO PATRIMONIO E MEDIO BÁSICO DE EXPRESIÓN CULTURAL

17 DE MAIO, DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Luísa Villalta, será a protagonista nesta edición


Redacción.- Un ano máis, o 17 de Maio celebramos o Día das letras galegas, dedicado nesta edición a Luísa Villalta, (A Coruña 1957-2004), unha das grandes figuras da literatura galega na segunda metade dos 80 e primeiros anos dos 90. Foi poeta, música, cultivou o xénero teatral, a narrativa de ficción, o ensaio, o articulismo e tamén fixo traballos de tradución. Nesta data, pero todos os días do ano, dende UGT-Galicia reafirmámonos no insubstituíble papel da lingua galega para todos e todas, para a nosa sociedade, como vehículo de comunicación na súa acepción máis directa pero tamén como parte do noso patrimonio e medio básico de expresión cultural.

Así, UGT-Galicia reivindica neste 17 de Maio como propio o compromiso activo de persoas como Luísa Villalta co idioma galego porque é parte do patrimonio inmaterial do pobo galego e é o noso deber coídal, difundilo, protexelo e mantelo como unha lingua viva en todos os ámbitos e actividades da sociedade.

Para iso, o Sindicato considera que hai que comezar o traballo dende os máis pequenos, no eido educativo, porque son eles a clave do futuro da lingua galega. Neste senso, insta á Xunta a que se implique na promoción do galego e que sexa esta unha prioridade a nivel de toda a sociedade pero, especialmente, no ámbito educativo, equiparando o galego coa outra lingua oficial de Galicia.

UGT rexeita o uso de calquera lingua como arma arrojadiza e de loitas de poder. As linguas de cada un dos territorios, como as súas culturas, son tesouros, patrimonio que temos entre todos e todas a obriga de coídar e manter vivas e dentro dun contexto de convivencia sa entre todas as expresións lingüísticas do país.

Por todo isto, UGT-Galicia insta a toda a cidadanía a exercer libremente os seus dereitos lingüísticos e a esixirle ás administracións o cumprimento das obrigas que



en materia lingüística consagran o Estatuto e a Constitución.

Nesta data, na que se trata de reivindicar a memoria, a cultura e a lingua do pobo, precisamente, lémbrese a figura da home-naxeada, cando se celebra o 20 aniversario do seu falecemento.

Luísa Villalta defendeu e traballou a prol do galego en todas as facetas da súa vida, como profesora de lingua e literatura galega en varios institutos sempre estivo implicada na promoción do galego, organizando representacións teatrais nos centros ou le-

vando a iniciativa de concursos literarios; como escritora; coa súa colaboración en diversas publicacións como "A Nosa Terra", "Tempos Novos", "Luzes de Galiza" ou "A Trabe de Ouro"; ou como membro activo de organizacións como o Foro da cultura galega, A asociación de escritores en lingua galega ou a Mesa pola normalización lingüística.

Finalmente, nesta data, pero os 365 días do ano, UGT-Galicia insiste en destacar o valor da lingua galega e da cultura como elementos de cohesión social e de transmisión de valores democráticos.

DÚAS XORNADAS DE FOLGA DOS TRABALLADORES DE IBERIA EN SANTIAGO PARA DENUNCIAR A SOBRECARGA DE TRABAJO

Santiago.- A Sección sindical de UGT de Iberia en Santiago convocou para hoxe, día 16, e para o venres, día 17, dúas xornadas de folga para denunciar a sobrecarga de traballo, pola falta de persoal, á que están sometidos os traballadores e traballadoras de Iberia no aeroporto de Santiago. Situación que estes días aínda se agrava máis polo peche do aeroporto de Vigo e, polo tanto, o desvío de carga de traballo cara Santiago. Ademais, coincidindo coa folga de hoxe, convocouse unha concentración ás 12.00 horas nas saídas do aeroporto de Rosalía de Castro.

Dende UGT denúncianse quendas que, incluso, poden ser das 5 da mañá ás 18.00 horas, con xornadas partidas para



atender picos de traballo, o que dificulta seriamente a conciliación da vida laboral e persoal dos traballadores e traballadoras. Ademais, estas condicións precarias afectan á saúde dos traballadores e traballadoras de Iberia en Santiago, con ris-

cos moi serios, tanto físicos como psicolóxicos. UGT xa leva tempo denunciando esta situación no servizo de handling de Iberia de Santiago e a empresa escúdase nun suposto normal funcionamento e da a calada por resposta.

OS TRABALLADORES DE ZARA LOXÍSTICA MOBILÍZANSE EN DEMANDA DE CARGA DE TRABAJO ESTABLE

Redacción.- As traballadoras e traballadores de Zara loxística manifestáronse este domingo na Coruña en demanda de carga de traballo estable para o centro de Sabón. A esta manifestación precedeu unha xornada de paro o 30 de abril e paros de catro horas este luns e martes, cun amplo seguimento, de máis do 90%.

Dende FeSMC-UGT denúnciase que o ataque á estrutura dos calendarios pactados foi a gota que colmou o vaso pero que o problema é de fondo, estase a observar unha perda constante de carga do traballo do centro de Sabón, fronte ao que sucede noutros centros loxísticos da compañía nos que se está a investir moito máis e están a crecer en carga de traballo.

De cara ás vindeiras datas non se descartan novas mobilizacións.



NON O ESQUEZAS!! A COTA SINDICAL DESGRAVA

O borrador automático da declaración elaborado por Facenda non inclúe esta dedución, que pode supoñer un aforro na cota anual sindical de entre un 20% e un 35% aproximadamente. Así pois, terás que modificar o borrador para incluíla:

Cuadrícula 14: apartados declaración -> Datos económicos -> Rendementos do traballo -> Cotas satisfeitas a sindicatos.

En principio non é necesario ter o certificado da organización, só tes que poñer na declaración a cota total que pagaches ao longo do ano 2023 pola túa afiliación.



URXE NEGOCIAR UN PLAN DE CHOQUE CONTRA A SINISTRALIDADE LABORAL

169 persoas traballadoras mortas en accidente laboral no primeiro trimestre do ano (14 en Galicia)

Redacción.- Os datos do primeiro trimestre do ano reflicten un descenso dos accidentes con baixa (-1,7%) que vén influído polo descenso dos accidentes laborais ocorridos durante a xornada (-2,5%). Pola contra, os accidentes in itinere experimentan un aumento (+3,3%) respecto ás cifras do primeiro trimestre de 2023.

Os accidentes mortais descenden en termos xerais (-1,2%) ata os 169. Este descenso vén influído polo menor número de accidentes mortais rexistrado entre os traballadores e traballadoras por conta propia, entre os que se notificaron 12 accidentes mortais, 9 menos que no primeiro trimestre de 2023 (-42,9%). No outro lado da balanza, os asalariados sufriron un repunte dos accidentes mortais do 4,7%, ata alcanzar os 157, son 7 máis que no mesmo período de 2023.

As causas dos accidentes de traballo ocorridas durante a xornada laboral son vellas coñecidas: os sobreesforzos físicos e os golpes seguen sendo a principal orixe dos accidentes de traballo con baixa, mentres que os infartos, derrames cerebrais e accidentes de tráfico continúan provocando o maior número de mortes de traballadores e traballadoras.

Isto demostra que se continúa incumprindo a normativa en materia de prevención de riscos laborais por parte das empresas ou se se cumpre, é unicamente de maneira testemuñal, co obxectivo de evitar multas. De feito, a propia Inspección de Traballo recolle na súa Memoria Anual de

2022 que “se segue apreciando en moitos casos un cumprimento unicamente formal da normativa de prevención de riscos laborais, mediante o recurso a un mero soporte documental das presuntas actuacións preventivas realizadas, carente de toda integración real da prevención na empresa e en todos os seus niveis, o que a longo prazo incrementa os índices de sinistralidade e mingua a produtividade na mesma.”

Doutra banda, hai que destacar o incremento dos accidentes in itinere, tanto os que causaron baixa, como os que acabaron coa morte da persoa traballadora, estes últimos cun aumento do 16,7%, con 4 accidentes mortais máis.

Modernizar a Lei de Prevención

É necesario acabar coa secuela da sinistralidade laboral de maneira urxente, polo que UGT insiste en que a Mesa de Diálogo Social, actualmente aberta, negocie un Plan de Choque, ademais dos cambios normativos para adecuar a lexislación en materia preventiva ás novas realidades do mundo do traballo, así como mellorar a xestión preventiva e acabar coa mercantilización dos servizos de prevención.

Igualmente, o sindicato recalca a importancia de regular a xestión dos riscos psicosociais de orixe laboral de forma diferenciada para conseguir previr os danos á saúde mental das persoas traballadoras. Non hai que esquecer que os infartos e derrames cerebrais son a primeira causa

de morte en accidente laboral, estas patoloxías poderían estar relacionadas coa exposición a riscos psicosociais e no primeiro trimestre de 2024 cobráronse a vida de 60 persoas traballadoras.

Por iso, UGT reclama un aumento de recursos humanos e materiais para a Inspección de Traballo e, ata que isto se leve a cabo, propón que se analicen fórmulas alternativas como habilitar ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, como “auxiliares ou colaboradores” da Inspección de Traballo no cumprimento preventivo, cando se constaten situacións constitutivas de infraccións graves ou moi graves.

Incrementar recursos destinados á inspección

O sindicato demanda tamén que se destinen maiores recursos á Fiscalía especializada e á creación de xulgados especializados en seguridade e saúde no traballo, de igual maneira que o fai a Fiscalía na súa última Memoria.

Ademais, reivindica a creación dunha figura similar á do Delegado/a Territorial de Prevención de Riscos Laborais a nivel estatal, xa que é unha realidade que os centros de traballo sindicalizados son centros máis seguros. A creación desta figura axudaría a mellorar a PRL nas PEMES do noso país que non teñen representación sindical. En paralelo, propón que se recoñeza crédito horario para os delegados e delegadas de prevención.

HAI MARXE DE SOBRA PARA SEGUIR REFORZANDO A SENDA DE CRECEMENTO SALARIAL

Redacción.- O IPC do mes de abril, publicado esta semana polo INE, sitúa a inflación anual nun 3,3%, unha décima máis que en marzo de maneira que, por segundo mes consecutivo, a taxa xeral volve a repuntar, esta vez polo gas (que se encarece, respecto á baixada rexistrada 12 meses antes) e a electricidade (que se abarata menos que en abril do ano pasado).

Pola súa banda, a taxa subxacente, que recolle a inflación de compoñente máis estrutural, redúcese catro décimas respecto ao mes anterior, alcanzando unha variación anual do 2,9%, o seu nivel máis baixo desde xaneiro de 2022. Así, acumúlanse xa nove meses consecutivos de baixada interanual, situándose incluso por baixo da taxa xeral por primeira vez desde novembro do mesmo

ano.

En canto aos produtos que maiores incrementos anuais reportan este mes, ademais dos mencionados, destacan o aceite de oliva (un 68,1%), as froitas (17,1%) e as patacas (un 8,6%), incrementándose o prezo dos alimentos nun 4,8% anual, 4 décimas máis que en marzo. En sentido contrario, os equipos de telefonía móbil (-10,8%), os voos internacionais (-8,6%) ou os computadores persoais (-7,2%) rexistran algúns dos descensos de prezos máis sinalados.

A contención dos niveis de inflación subxacente, no marco dun incerto e complicado contexto internacional, segue sendo unha noticia moi positiva que reflicte a ampla

marxe que presenta o tecido empresarial para seguir reducindo os prezos dos produtos básicos da cesta da compra habitual.

Con todo iso, a moderación do crecemento dos prezos e a boa conxuntura económica actual convidan a seguir reforzando a senda de crecemento salarial. Neste sentido, cabe destacar o impacto positivo do novo AENC (2022-2025), en tanto os incrementos salariais dos convenios asinados en 2024 xa se sitúan nunha media do 4,1%, mellorando así o poder adquisitivo da poboación traballadora. Con todo, segue sendo esencial trasladar estes incrementos ao conxunto das ramas produtivas, ademais de incrementar a cobertura das cláusulas de garantía salarial, un instrumento clave ante posibles aumentos imprevistos da inflación.